

BASES DO CONCURSO DE CREACIÓN

Participa no 1º Boletín
Informativo 2021

SOMOSTERRA

A Cooperativa SomosTerra lanza un **concurso de creación** para a elaboración do **1º Boletín Informativo** dirixido a calquera persoa que teña **interese na sostibilidade**.

1. Participantes

Poderán participar neste concurso calquera persoa que así o desexe, sempre que a sostibilidade forma parte da súa vida e as súas propostas se adecuen co exposto neste documento.

2. Temática

Con este Boletín Informativo queremos poñer de manifesto a necesidade de **pasar a acción a favor da sostibilidade**. Sabemos que cada vez somos máis as persoas que nos empeñamos en facer as cousas **con sentidoño**, tendo en conta o impacto que ten a nosa forma de interactuar co mundo que habitamos e poñendo en práctica iso que dan en chamar “desenvolvemento sostible”.

Pero... e se **poñemos en práctica a expresión colectiva para chegar a máis persoas?**

Invitámosvos a expresarvos a favor da sostibilidade! Buscamos ensaios que compartan a esa esencia de “vivir de forma sostible”. Cóntanos o que significa para ti a sostibilidade, expresa o que sentes cando soñamos cun mundo sostible. **Cada vez somos máis cocreando a transformación socioecolóxica!**

3. Modalidades

Ensaio (max. 400 palabras).

4. Forma de presentación.

A entrega debe realizarse nun arquivo word a través do correo comunidade@somosterra.gal Para deixar constancia da túa participación, será necesario cubrir o seguinte formulario:

<https://forms.gle/MKPpHtcRCDDYlfnp8>

5.-Data límite

As candidaturas serán aceptadas dende o día 9 de marzo **ata o día 20 de marzo** (2021) ás 19:00h.

SOMOSTERRA

6.- Criterios de selección.

O xurado estará composto por equipo da Área de comunicación da cooperativa SomosTerra.

Os criterios de valoración das propostas serán a creatividade, a emoción transmitida, a orixinalidade e, especialmente, a **capacidade de alentar a acción para fomentar a sostibilidade**. Elixiranse 2-3 propostas que ocuparán o “Espazo de Opinión” dentro do Boletín.

Poñerémonos en contacto coas persoas participantes para compartir as propostas gañadoras no momento da Resolución.

7.- Dereitos de autoría

Cada participante garante ser o titular dos dereitos sobre a obra presentada. Non obstante, as persoas autoras das propostas outorgan o seu consentimento e autorización á cooperativa SomosTerra para a reprodución, distribución, difusión, exposición e comunicación pública das obras presentadas así como para a creación do Boletín Informativo.

9.- Datos de Carácter persoal.

A persoa participante autoriza á cooperativa SomosTerra, no caso de que a súa obra resulte seleccionada como gañadora, a empregar o seu nome na difusión do recoñecemento a través dos medios de comunicación da cooperativa (páxina web, canles en redes sociais o e-mail, entre outros) así como na elaboración do Boletín Informativo

Para calquera cuestión en materia de protección de datos, así como para o exercicio, no seu caso, dos dereitos de acceso, ratificación ou cancelación, a persoa interesada poderá dirixirse á cooperativa SomosTerra a través da seguinte dirección:

cooperativa@somosterra.gal



 @somosterra.gal

 @cooperativasomosterra